



ASUNTO: NOTA URXENTE AOS CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE TODA GALICIA.

Sr/Sra. Director/a

A Dirección Xeral de Protección Civil informa, mediante un parte emitido ao efecto, que no día de mañá a Comunidade Autónoma verase afectada por un episodio de meteoroloxía adversa motivado por fortes ventos que cualifica de nivel laranxa (risco importante), circunstancia que aconsella a adopción de medidas urxentes para a protección da comunidade educativa.

Diante de tal alarma, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acorda a suspensión de toda actividade escolar nos centros educativos de ensino non universitario de toda Galicia, durante toda a xornada lectiva do día de mañá, luns, 9 de febreiro.

Co obxecto de garantir que todos os afectados poidan ser informados oportunamente da decisión adoptada e se lles preste a axuda que poidan precisar, a dirección dos centros garantizará a presenza nestes do persoal que asuma tales tarefas.

Santiago de Compostela, a 8 de febreiro de 2009.

O Secretario Xeral

Benito Fernández Rodríguez.